

XVII. CONCURSO DE RELATOS CURTOS

REPSOL - YPF

Segundo Premio en Versión Galega

Título: «MAÑÁ A MESMA HORA»
Autor: ALEXANDRE MALLO RÚA
Centro: I. E. S. RAMÓN MENÉNDEZ
PIDAL (A Coruña)

AÑO 2.004

Mañá á mesma hora

Sapoconcho

Alexandre Mallo Rúa

Amolar amolábame, e ben que o facía. Era noxento o que cada madrugada ás cinco soase o timbre da casa e logo dun anaco, o tempo que lle leva a un espertar, maldicir tres ou catro veces e ir axiña cara ó telefoniño preocupado polo intempestivo da hora, non atopar máis que silencio.

E falo en pasado porque todo iso acabou. Agora a sensación de irritación está borrada da miña mente e un terror xordo, coma esas dores falsas que están todo o día enriba de un, tomou o seu lugar. Teño medo, sí. Estarréceme pensar que mañá, ou cando sexa, o son do timbre rompa novamente os meus descansos. O psicólogo trátame como se eu fose parvo: *«que se non son máis ca imaxinacións» «que se o subconsciente é ás veces o grande descoñecido que todos levamos dentro sen o sabermos e precisamos de terapia para que non nos xogue malas pasadas»...* ¿Parvo eu? ¡¡Bah!!

Lembro que unha noite optei por agardar agachado nun recuncho do portal a chegada do gracioso, quizá graciosa, aínda que o dubidaba. A violencia prodúceme náuseas pero... *-¡¡é lóxico, calquera outro faría o mesmo!!-*, cauto diante do que me podía atopar alí, e por riba de todo ansioso por escarmentalo, baixei armado dun coitelo deses de dentes de serra que... bueno, sabedes o que pode facer se é usado por unha man experta, aínda que non era o caso.

Non sei o tempo que pasou. Caín nun estado próximo ó sono, un ir e vir entre a percepción do que sucedía e unha relaxación que me afastaba por momentos das miñas intencións. A iso das catro o miar dun gato conseguiu sacarme daquel embotamento. Prendín un pito, fun ata a porta e botei unha ollada. Ía frío, chovía, outubro comezaba a golpear nos e a facer que esquecésemo-lo verán recén morto. Procurei entender o porqué de tomarse un a molestia diaria de ir aperta-lo timbre dunha casa a esas horas, pero non cheguei a unha conclusión medianamente convincente. Acercábase a hora. Segundo pasaba o tempo os nervios ían a máis. Tremía. As historias que de neno contaba a miña avoa tomaron corpo ó meu redor. Falaban de mortos que, para expiar-las penas cometidas en vida, vagaban sen rumbo dun lugar a outro nunha procesión sen fin de hábitos brancos que ían a ningures.

Un minuto, só un e chamaría. Suor. Frío. Non sabería agora explicar tódalas sensacións que agromaban en min. O ángulo de visión permitíame observa-lo cadro dos pulsadores, e foi entón cando a vin: unha man branca, demasiado pequecha, que terminaba nuns dedos finos, próximos xa ó timbre. Apertei o coitelo con forza. Erguinme e... quedei alí, parado, afastado da súa vista; a nena no tería máis de cinco ou seis anos, vestía unha capa escura, sobre ela caía unha media melena negra que enmarcaba un rostro de ollos grandes. Estaba sobre a punta dos pés para chegar ó seu obxectivo. Deixei-a chamar e, nada máis facelo, marchou de vagar, tranquila. Saín á rúa para... non sei... para seguila quizá, non o sei ben. ¿Medo, curiosidade, estrañeza? ¡Era unha nena! Non atopei máis que noite e escuridade. Percorrín a rúa. Din voltas á mazá. ¡Ninguén!

Subi-los tres pisos levoume máis de media hora. Cada chanzo reflectía a súa imaxe. Á volta da escaleira a súa sombra. Entrei na casa. Colguei o chuveiro empapado nunha percha e púxena na barra da cortina da ducha, ó carón da súa capa: escura, brillante... Mañá ás cinco ha voltar -díxeme- e quizá conteste as miñas preguntas ou diga un simple: ¿ábresme para que che conte a miña historia?

-Era ela, ¿sabes?, pero marchou antes de que lle puidese falar -Susana non me contestou, nunca o facía, só miraba. Deu a volta na cama e quedou durmida outra vez.

Se cadra fixo ben. Susana nunca se equivoca. Foi doado: unha chamada telefónica, unha consulta con non sei que famoso especialista, un encerrarme para conseguir que ela non volva a molesta-lo meu sono..., pero teño medo. Medo porque sei que está fora e cando saia de aquí vai chamar o timbre da miña casa. Quizá cando pase iso Susana xa non estea comigo e sexa só ela, a miña avoa que me contaba historias, ela cando tiña cinco ou seis anos e vestía capa escura e engraxada para que a auga da choiva esvarase por ela, a única persoa que me faga compañía aínda que sexa a horas tan intempestivas.